



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNAS/OS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (CURSO 2019/2020)

RESERVA DE PRAZA DE NENAS/OS ESCOLARIZADAS/OS DURANTE O CURSO 2018-2019

- **Do 15 ó 31 de marzo:** presentación das solicitudes no departamento de Servizos Sociais do Concello.
É necesario presentar a documentación xustificativa dos ingresos económicos actualizados para aplicar as bonificacións que lle correspondan (documentación sinalada no anexo I) así como outros datos que poidan variar a situación sociofamiliar con respecto ó curso anterior.
- **Última semana de maio:** reunións co persoal da EIM e firma do contrato matrícula de prestación de servizos.
- **Do 1 ó 15 de xuño:** formalización da matrícula no departamento de Servizos Sociais do Concello.
É necesario presentar o modelo normalizado de aceptación de matrícula acompañado do contrato matrícula de prestación de servizos asinado.

ADMISIÓN DE NOVAS/OS ALUMNAS/OS

- **Do 15 de marzo ó 15 de abril:** presentación das solicitudes no departamento de Servizos Sociais do Concello.
A documentación a presentar é a sinalada no anexo I.
- **10 de maio:** exposición da relación provisional de admitidas/os e a lista de agarda no taboleiro de anuncios do Concello.
Reclamacións: as/os solicitantes poderán efectúa-las reclamacións que estimen oportunas no Departamento de Servizos Sociais no prazo de 10 días contados a partir do día seguinte da publicación.
- **24 de maio:** exposición da relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda no taboleiro de anuncios do Concello.
- **Última semana de maio:** reunións co persoal da EIM e firma do contrato de matrícula de prestación de servizos.
- **Do 1 ó 15 de xuño:** formalización da matrícula no departamento de Servizos Sociais do Concello.
É necesario presentar o modelo normalizado de aceptación de matrícula acompañado da seguinte documentación:
 - tarxeta sanitaria
 - certificado médico do/a neno/a
 - catro fotografías tamaño carné
 - contrato matrícula de prestación de servizos asinado